



Comunicado nº 071/17
28 de marzo de 2017

COMUNICADO COMISIÓN GALEGA DE KARTING.

DESCONTOS AOS PARTICIPANTES DO CGK: Tódolos participantes do Campionato de Galicia de Karting disfrutarán de descontos especiais nos recambios “lame Parilla” dun 10%.

SOPORTE PONTÓN DIANTEIRO CIK: A partir da segunda proba, será obrigatorio o uso do soporte do pontón dianteiro CIK, para tódalas categorías.

CATEGORÍA ALEVÍN:

- Xunta cilindro: obrigatoria de 0,4mm. Tolerancia 0,05mm.
- Arandela culata: obrigatoria de 1mm. Tolerancia 0,02mm.
- Embrague: Posto que non está especificado na ficha de homologación, a tolerancia da separación entre as patas de embrague será de 0,05mm. (medida da ficha 2mm).

CATEGORÍA CADETE:

- Están autorizados os motores Puma 85 que veñan identificados coas siglas PT.
- Embrague: Posto que non está especificado na ficha de homologación, a tolerancia da separación entre as patas de embrague será de 0,05mm. (medida da ficha 2mm).

CATEGORÍA JUNIOR:

As novas especificacións dos “lame Parilla” X30 Junior, nos que se elimina a centralita e se simplifica a instalación eléctrica, non limitan o réxime do motor as 14.000 rpm, sendo iguais os Senior cunha limitación a 16.000 rpm. Dita modificación supón unha alteración da competitividade e igualdade existente entre ambos, xa que os Junior beneficiase dun peso de 17kg inferior.

O colector de escape continúa sendo restrinxido a 29 mm. Polo tanto, e una vez recibida a confirmación por parte da fábrica de que non haberá motores limitados a 14.000 rpm, e co obxectivo de mantelas prestacións entre ambos, e non incorrer en gastos aos equipos e pilotos, límitase o desenrolo a utilizar para a categoría Junior independentemente da centralita que monten.

Os desenrols son os seguintes:

PASTORIZA: Piñón obrigatorio: 11 z. Coroa: máximo 72 dentes.

MAGDALENA: Piñón obrigatorio: 11 z. Coroa: máximo 72 dentes.

VALGA: Piñón obrigatorio: 10 z. Coroa: máximo 77 dentes.

(*enténdese por máximo, o número máximo de dentes que pode ter a coroa, debendo ter por tanto, o número indicado ou menos).

PEZAS NON ORIXINAIS: Co obxectivo de reducir os gastos aos equipos, autorízase o uso de determinadas pezas non orixinais “lame Parilla”.

- Categoría Alevín: Piñón 10 z. Bendix.
- Categoría Cadete: Piñón 10 z. Bendix. Motor de arranque.
- Categoría X30: Piñón 10 z e 11 z. Bendix. Motor de arranque.

GASOLINA / ACEITE. A mestura gasolina/aceite será controlada mediante a máquina FT-64 - Deluxe Fuel Test.

Gasolina: Será responsabilidade de cada piloto/equipo a compra da súa propia gasolina, na estación de servizo e surtidor oficial da proba, que será informada mediante comunicado o venres, día anterior á mesma.

Aceite: Para garantir o correcto análise da mestura, a marca, tipo, e porcentaxe será obrigatorio



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino
32001 OURENSE



en cada categoría.

*Alevín e Cadete: Xeramic Synmax Full Synthetic 2T / 4%.

*X30 e SX30: Wladoil (aceite oficial lame X30) / 5%.

A compra do aceite é libre, podendo facela en calquera distribuidor. Igualmente, o organizador disporá de stock na propia proba a un prezo especial para os participantes que o desexen. *

Xeramic Synmax Full Synthetic 2T: prezo CGK 20€ (pvp: 22,50€).

* Wladoil: prezo CGK 23€ (pvp: 29€).

En calquera momento da proba poderá ser efectuada, sen ningún aviso previo, unha análise da mestura. Unha mostra será retirada do depósito do kart, que será analizada mediante a máquina FT-64 - Deluxe Fuel Test, e comparada coa mostra que posúe a organización.

Os comisarios técnicos teñen dereito a substituír a gasolina dun kart por unha oficial subministrada pola organización, gasolina, aceite, e porcentaxe de mestura esixido. Se os comisarios técnicos necesitasen outro tipo de análise adicional, poden mandar a mostra extraída a un laboratorio certificado, sendo os custes a cargo do piloto/equipo se finalmente se demostrara algunha anomalía ou irregularidade.

A tódolos efectos, será considerada como mostra oficial e comparativa de análise, a mestura en posesión da organización, con gasolina da estación de servizo e surtidor oficial, marca e tipo de aceite esixido na categoría co seu porcentaxe correspondente. Está estrictamente prohibido o uso de calquera tipo de aditivo, substancia ou produto na gasolina e aceite.

PNEUMÁTICOS. Os modelos a utilizar para esta tempada son os seguintes:

Categoría Rookies

- Bridgestone YJL (Seco).

Categoría Alevín

- Vega Mini (Seco).

- Komet K1D-W (Auga).

Categoría Cadete

- Bridgestone YJL (Seco).

- Komet K1D-W (Auga).

Categoría Rookies

- Vega SL3 (Seco)

- Komet K1W (Auga)

Categoría Super X30

- Bridgestone YNB

- Komet K1W (Auga)

Categoría KZ2

- Vega SL3

- Komet K1W (Auga).

Recoméndase a tódolos participantes ter en posesión un xogo de pneumáticos de auga, modelo e composto indicado para a categoría, e subministrado polo proveedor oficial do Campionato de Galicia de Karting (CGK).

Non está autorizado o uso de pneumáticos empregados nas pasadas tempadas.

Non está autorizado o uso de pneumáticos comprados a outro proveedor diferente.

Está estrictamente prohibido o uso de aditivos ou produtos para tratar ou limpar os pneumáticos, que poden ser controlados mediante máquina de detección de substancias químicas.